

# Faro *da* Cultura

Sen dúbida, para todos aqueles que poñen, moita ou algunha, fe na “música das esferas” e que, ademais deses convicción pitagórica, participan dos ideais do galeguismo, estamos diante dunha feliz conxunción. Para os que, simplemente, nos deixamos guiar por criterios racionalistas –e, desde logo, participamos da aventura da galeguidade–, trátase dun concorre que ben merece o noso esforzo, o noso ledicioso empeño: o 30 de outubro –unha década no medio entre ambas as ocasións– tivo lugar, dunha parte, o nacemento de Ricardo Carballo Calero –ou Carvalho Calero, como el asinou os seus últimos escritos– e, doutra, a aparición do primeiro número da revista *Nós* na cidade de Ourense.


Comezando, daquela, por esta segunda efeméride, o Ateneo da cidade do Miño vén de organizar un conxunto de actividades –contando coa presenza da Real Academia Galega– que, en realidade, non son senón o prelude desoutras que se pretenden levar adiante tendo como horizonte o ano 2020, momento no cal a publicación dirixida por Vicente Risco chegaría a atinxir o centenario da súa traxectoria.

Constitúe xa un lugar común na historia da cultura galega, en xeral, e das letras en galego, máis en particular, falar da modernidade que significou *Nós* e mais da do grupo, xeración... á que lle prestou nome. Así véñense subliñando, unha e outra vez, apartados como a presenza nas páxinas da revista ourensá –ourensá, máis concretamente, na primeira andaina; por diferentes motivos, *Nós* imprentouse logo en Pontevedra, A Coruña e, finalmente, Santiago de Compostela – de culturas alleas, con especial atención a aqueles espazos nos cales se estaba a xerar a modernidade europea; a tradución de anacos do *Ulyses* de Joyce, por parte de Ramón Otero Pedrayo, semella paradigmática nesta perspectiva.

Certamente, non son as presentes liñas o lugar adecuado para entrarmos a debater acerca da veracidade do anterior e/ou da posíbel distorsión que ten lugar nesas lecturas (os homes de *Nós* reivindicaron a Joyce, en realidade, como escritor “exemplo do xenio dunha raza e dunha nazón nova”). En todo caso, e sen negarmos en ningún caso semellante europeidade presente nas páxinas da revista, coidamos que cómpre insistir tamén nesoutro feito esencial de que *Nós* ha de ser lida asemade como unha escolma, un verdadeiro escaparate do labor cultural galego. Dito con palabras de Evaristo Correa Calderón: “... *Nós* pretendeu, máis que outra cousa calquera, ser unha antoloxía de todos os xéneros literarios, unha mostra da cultura galega do seu tempo.” A vontade de conxugar galeguidade e universalidade, a procura dunha verdadeira doutrina estética nacional galega ocupan, ao noso entender, o lugar privilexiado no pensamento dos homes de *Nós* e, xa que logo, nas páxinas da publicación homónima.

Mais tamén un 30 de outubro –de 1910, na cidade de Ferrol– viña ao mundo Ricardo Carvalho Calero. As asociacións AGAL, AGLP, a Fundación Meendinho... están a celebrar nestes días a Semana dedicada ao filólogo, narrador, poeta, ensaísta... primeiro catedrático de lingua e literatura galegas na Universidade de Santiago.

Resúltame especialmente difícil escribir arredor de D. Ricardo desde unha perspectiva de distancia emocional. Son membro da primeira promoción de licenciados en fi-



## Na maxia das datas

90 anos de *Nós*/100 anos de Carvalho Calero

XOSÉ RAMÓN PENA

loloxia galego-portuguesa; ademais, foi o el quen prologou aínda o meu primeiro libro, *Alén*, escrito conxuntamente con Miguel Mato Fondo e Francisco Salinas Portugal. Para min, un día inesquecible da miña vida foi aquel en que, nun acto público, D. Ricardo se referiu a min como “antigo alumno e agora compañeiro na filoxía e nas letras galegas.” A estas alturas, un quixera crer que os sectarismos, que as intransixencias... deixaron definitivamente paso entre nós á xenerosidade intelectual e humana. É por iso que, máis aló da teimosía en presentar ao noso gran polígrafo en razón apenas dos seus posicionamentos arredor da normativa do galego –en todo caso, tan discutibles como perfectamente lexítimos; tan lexítimos como perfectamente discutibles–, os moitos méritos de Ricardo Carballo Calero, ou de Ricardo Carvalho Calero, deberían brillar con luz escintilante para todos. Desde logo, e ao meu modesto entender, unha proba de que tal cousa acontece de veras ben podería cifrarse na dedicación á súa figura do Día das Letras Galegas. Máis axiña que máis tarde.



FOTO: ELI REGUEIRA



MOSTRA: “REFUXIOS”  
NA GALERÍA PM8 / PÁX. III

MESA E MANTEIS: ENTREVISTA  
CON XAVIER CASTRO / PÁX. IV-V

MÚSICA: “ALÓ IRMÃO,  
TUDO BEM?” / PÁX. VIII